

Arranca Inspira STEAM A Coruña 2021/2022!



Buscamos **mentor**as, **mentor**es e **centros educativos** que queiran participar, **anímate!** <http://intranet.inspirasteam.net/>

[2016-2021]

5 edicións

1.350 **mentor**as/es
481 **centros escolares**
11.737 **rapazas**
11.099 **rapaces**

Euskadi, Madrid, Cataluña,
Andalucía, Asturias, Galicia y Murcia.

Hoxe en día a xuventude, e en especial as rapazas, necesitan **referentes femininos próximos en ciencia e tecnoloxía**. **Mulleres STEAM** (siglas en inglés de Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría, Arte e Matemáticas) que sirvan de espello e inspiración onde mirarse. A través delas poderán derrubar os estereotipos que lles fan crer que estas profesións non son para elas, que son demasiado difíciles e que non son capaces de conseguilo. Acercamos estas profesións aos mozos, mostrando os ámbitos onde traballan, a súa contribución á sociedade ou o tipo de habilidades que aplican no seu día a día. Queremos que as mozas, rapazas e rapaces, **se prantexen as STEAM como unha opción de futuro** e que non a descarten por non ter referentes, por non saber o tipo de traballo que poden desenvolver ou por non crer nas súas capacidades para conseguilo.

Tamén necesitamos **homes mentor**es que acerquen esta realidade aos mozos e traballen con eles en **crear unha sociedade máis xusta e igualitaria**. Igual que elas, os rapaces necesitan referentes de novas masculinidades, coñecer as profesións e estudos STEAM, e ampliar a súa mirada cara estas disciplinas. Ademais, deben coñecer as barreiras ás que se enfrentan as súas compañeiras para, entre todas e todos, superalas.

Algúns **datos** a nivel estatal de **mulleres** en ensinanzas vinculadas a **disciplinas STEAM**:

- **Bacharelato** de Ciencias e Tecnoloxía: 47%
- **Formación Profesional**:
 - Informática e Comunicacóns: 11,4%
 - Fabricación Mecánica: 9,4%
 - Electricidade e Electrónica: 4,8%
- **Graos e Mestrados universitarios**:
 - Informática: 12,9%
 - Enxeñaría, Industria e Construción: 28,5%

*Fonte: [Ministerio Educación e Formación Profesional](#)



Inspira STEAM forma parte da **Alianza STEAM polo talento feminino**. **Nenas en pé de ciencia**, iniciativa do Ministerio de Educación e Formación Profesional.



Premio Dona TIC (2019), outorgado por Generalitat de Catalunya.

As **claves** do proxecto son:



Facilitar novos referentes de mulleres científicas e tecnólogas próximas.



Que rapazas e rapaces descubran as profesións STEAM.



Concienciar sobre a necesidade de que o desenvolvemento do país se produza entre mulleres e homes.



Sensibilizar e orientar sobre os estudos en ciencia e tecnoloxía.



Visibilizar e poñer en valor ás mulleres STEAM da historia, actuais e próximas.



Dar a coñecer os estereotipos existentes nestas áreas para que non condicionen as decisións de rapazas e rapaces.



Reunión informativa aberta (online)

16 de novembro, 12:00-13:00

<http://meet.google.com/igo-kzna-bug>

Formación de mentoras/es: 2 de febreiro

Máis información: <http://inspirasteam.net/> - inspir@deusto.es

Dúbidas sobre o nodo A Coruña: veronica.bolon@udc.es



Inspira STEAM é un proxecto promovido pola Universidade de Deusto, en colaboración coa Universidade da Coruña, que conta co apoio do CITIC e o Campus Innova.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA